

## XII. Cor

A capa é branca ou canela, ou ben integrada por ámbalas cores. A cor branca existe nas súas variantes prateada, mate e marfil; e a canela pode variar desde o claro á canela acendido. Cores admitidas: a canela e a branca. Cores non admitidas: o resto das cores.

## XIII. Defectos

Calquera desviación dos criterios antes mencionados considérase unha falta e a gravidade desta en función ó grao da desviación do patrón racial. A seguir expóñense tódolos defectos nas seguintes táboas:

### a) Defectos descualificantes xerais:

Monorquidia.  
Criptorquidia.  
Albinismo.  
Prognatismo.  
Enognatismo.

### b) Defectos descualificantes específicos da raza:

Morfoestructura e faneróptica:

Cabeza:

#### A) Na dentición:

Ausencia de máis de dous premolares.  
Ausencia dalgún incisivo ou cabeiro.

#### B) Nas orellas:

Orellas non completamente erectas.  
Orellas amputadas.

#### C) Ausencia de «stop».

#### D) Nos ollos:

Iris de cor azul ou verde.

#### E) Na forma da cabeza:

Cabeza estreita.  
Cabeza larga.

Extremidades:

Presencia de garras ou esporóns. Graves defectos de verticalidades.

Rabo:

Rabo amputado.  
Rabo longo.

Pigmentación:

Presencia de negro ou outra cor que non sexa branca ou canela en calquera das súas tonalidades.

Funcionalidade.

ós riscos derivados das condicións de traballo, no marco dunha política coherente, coordinada e eficaz. Segundo o artigo 6 desta lei, serán as normas regulamentarias as que irán fixando e concretando os aspectos máis técnicos das medidas preventivas.

Así, son as normas de desenvolvemento regulamentario as que deben fixa-las medidas mínimas que se deben adoptar para a adecuada protección dos traballadores. Entre elas encóntranse as destinadas a garantir a protección dos traballadores fronte ó risco eléctrico.

Así mesmo, a seguranza e a saúde dos traballadores teñen sido obxecto de diversos convenios da Organización Internacional do Traballo ratificados por España e que, por tanto, forman parte do noso ordenamento xurídico. Destaca, polo seu carácter xeral, o Convenio número 155, do 22 de xuño de 1981, sobre seguranza e saúde dos traballadores e ambiente de traballo, ratificado por España o 26 de xullo de 1985. No mesmo senso, no ámbito da Unión Europea fixéronse, mediante as correspondentes directivas, criterios de carácter xeral sobre as accións en materia de seguranza e saúde no traballo, ben como criterios específicos referidos a medidas de protección contra accidentes e situacións de risco.

O obxectivo desta norma é o de actualizala normativa aplicable ós traballos con risco eléctrico, á vez que se procede a derroga-lo capítulo VI da Ordenanza xeral de seguranza e hixiene no traballo, aprobada mediante orde do 9 de marzo de 1971, substituíndoo por unha regulación acorde co novo marco legal de prevención de riscos laborais, coherente coa normativa europea a que se fixo referencia e acorde coa realidade actual das relacións laborais.

Na súa virtude, de conformidade co artigo 6 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, por proposta dos ministros de Traballo e Asuntos Sociais, de Sanidade e Consumo e de Ciencia e Tecnoloxía, consultadas as organizacións empresariais e sindicais máis representativas, oída a Comisión Nacional de Seguranza e Saúde no Traballo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 8 de xuño de 2001,

## DISPONGO:

### Artigo 1. *Obxecto, ámbito de aplicación e definicións.*

1. O presente real decreto establece, no marco da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, as disposicións mínimas de seguranza para a protección dos traballadores fronte ó risco eléctrico nos lugares de traballo.

2. Este real decreto aplícase ás instalacións eléctricas dos lugares de traballo e ás técnicas e procedementos para traballar nelas ou nas súas proximidades.

3. As disposicións do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención, aplicaranse plenamente ó conxunto do ámbito contemplado nos números anteriores, sen prexuízo das disposicións específicas contidas neste real decreto.

4. Para efectos deste real decreto serán de aplicación as definicións establecidas no anexo I.

### Artigo 2. *Obrigas do empresario.*

1. O empresario deberá adopta-las medidas necesarias para que da utilización ou presenza da enerxía eléctrica nos lugares de traballo non se deriven riscos para a saúde e seguranza dos traballadores ou, se isto non for posible, para que tales riscos se reduzan ó míni-

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**11881** REAL DECRETO 614/2001, do 8 de xuño, sobre disposicións mínimas para a protección da saúde e seguranza dos traballadores fronte ó risco eléctrico. («BOE» 148, do 21-6-2001.)

A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, determina o corpo básico de garantías e responsabilidades preciso para establecer un adecuado nivel de protección da saúde dos traballadores fronte

mo. A adopción destas medidas deberase basear na avaliación dos riscos recollida no artigo 16 da Lei de prevención de riscos laborais e na sección 1.<sup>a</sup> do capítulo II do Regulamento dos servizos de prevención.

2. En calquera caso, para efectos de previlo risco eléctrico:

a) As características, forma de utilización e mantemento das instalacións eléctricas dos lugares de traballo deberán cumprilo establecido no artigo 3 deste real decreto e, en particular, as disposicións a que se fai referencia no seu número 4.

b) As técnicas e procedementos para traballar nas instalacións eléctricas ou nas súas proximidades deberán cumprilo disposto no artigo 4 deste real decreto.

### Artigo 3. *Instalacións eléctricas.*

1. O tipo de instalación eléctrica dun lugar de traballo e as características dos seus compoñentes deberán adaptar ás condicións específicas do propio lugar, da actividade desenvolvida nel e dos equipamentos eléctricos (receptores) que se vaian utilizar.

Para isto deberanse ter particularmente en conta factores tales como as características conductoras do lugar do traballo (posible presenza de superficies moi conductoras, auga ou humidade), a presenza de atmosferas explosivas, materiais inflamables ou ambientes corrosivos e calquera outro factor que poida incrementar significativamente o risco eléctrico.

2. Nos lugares de traballo só se poderán utilizar equipamentos eléctricos para os que o sistema ou modo de protección previstos polo seu fabricante sexa compatible co tipo de instalación eléctrica existente e os factores mencionados no número anterior.

3. As instalacións eléctricas dos lugares de traballo utilizaranse e manteranse na forma adecuada e o funcionamento dos sistemas de protección controlárase periodicamente, conforme as instrucións dos seus fabricantes e instaladores, se é que existen, e a propia experiencia do explotador.

4. En calquera caso, as instalacións eléctricas dos lugares de traballo e o seu uso e mantemento deberán cumprilo establecido na regulamentación electrotécnica, a normativa xeral de seguranza e saúde sobre lugares de traballo, equipamentos de traballo e sinalización no traballo, así como calquera outra normativa específica que lles sexa de aplicación.

### Artigo 4. *Técnicas e procedementos de traballo.*

1. As técnicas e procedementos empregados para traballar en instalacións eléctricas ou nas súas proximidades estableceranse tendo en consideración:

a) A avaliación dos riscos que o traballo poida supor, considerando as características das instalacións, do propio traballo e do medio en que se vai realizar.

b) Os requisitos establecidos nos restantes puntos do presente artigo.

2. Todo traballo nunha instalación eléctrica, ou na proximidade dela, que supoña un risco eléctrico deberase efectuar sen tensión, salvo nos casos que se indican nos números 3 e 4 deste artigo.

Para deixa-la instalación eléctrica sen tensión, antes de realiza-lo traballo, e para a reposición da tensión, ó finalizo, seguiranse as disposicións xerais establecidas no anexo II.A e, se for o caso, as disposicións particulares establecidas no anexo II.B.

3. Poderanse realizar coa instalación en tensión:

a) As operacións elementais, tales como por exemplo conectar e desconectar, en instalacións de baixa tensión con material eléctrico concibido para a súa utili-

zación inmediata e sen riscos por parte do público en xeral. En calquera caso, estas operacións deberanse realizar polo procedemento normal previsto polo fabricante e logo de verifica-lo bo estado do material manipulado.

b) Os traballos en instalacións con tensións de seguranza, sempre que non exista posibilidade de confusión na identificación delas e que as intensidades dun posible cortocircuíto non supoñan riscos de queimadura. En caso contrario, o procedemento de traballo establecido deberá asegurar-la correcta identificación da instalación e evita-los cortocircuítos cando non sexa posible protexe-lo traballador fronte a eles.

4. Tamén se poderán realizar coa instalación en tensión:

a) As manobras, medicións, ensaios e verificacións dunha natureza que así o esixan, tales como por exemplo a apertura e peche de interruptores ou seccionadores, a medición dunha intensidade, a realización de ensaios de illamento eléctrico ou a comprobación da concordanza de fases.

b) Os traballos en, ou en proximidade de, instalacións cando as condicións de explotación ou de continuidade da subministración así o requiran.

5. Excepto nos casos indicados no número 3 deste artigo, o procedemento empregado para a realización de traballos en tensión deberase axustar ós requisitos xerais establecidos no anexo III.A e, no caso de traballos en alta tensión, ós requisitos adicionais indicados no anexo III.B.

6. As manobras, medicións, ensaios e verificacións eléctricas realizaranse seguindo as disposicións xerais establecidas no anexo IV.A e, se for o caso, as disposicións particulares establecidas no anexo IV.B.

Se durante a realización destas operacións tivesen que ocuparse ou puidesen invadirse accidentalmente as zonas de perigo de elementos en tensión circundantes, aplicarase o establecido, segundo o caso, nos números 5 ou 7 do presente artigo.

7. Os traballos que se realicen en proximidade de elementos en tensión levaranse a cabo segundo o disposto no anexo V, ou ben consideraranse como traballos en tensión e aplicaranse as disposicións correspondentes a este tipo de traballos.

8. Sen prexuízo do disposto nos anteriores números deste artigo, os traballos que se realicen en lugares con risco de incendio ou explosión, así como os procesos nos que se poida producir unha acumulación perigosa de carga electrostática, deberanse efectuar segundo o disposto no anexo VI.

### Artigo 5. *Formación e información dos traballadores.*

De conformidade cos artigos 18 e 19 da Lei de prevención de riscos laborais, o empresario deberá garantir que os traballadores e os representantes dos traballadores reciban unha formación e información adecuadas sobre o risco eléctrico, ben como sobre as medidas de prevención e protección que se deban adoptar en aplicación do presente real decreto.

### Artigo 6. *Consulta e participación dos traballadores.*

A consulta e participación dos traballadores ou dos seus representantes sobre as cuestións a que se refire este real decreto realizaranse de conformidade co disposto no número 2 do artigo 18 da Lei de prevención de riscos laborais.

**Disposición derogatoria única. Derogación normativa.**

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto neste real decreto e, expresamente, o capítulo VI do título II da Ordenanza xeral de seguranza e hixiene no traballo, aprobada por orde do 9 de marzo de 1971.

**Disposición derradeira primeira. Guía técnica.**

O Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo, de acordo co disposto no número 3 do artigo 5 do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servicios de prevención, elaborará e manterá actualizada unha guía técnica de carácter non vinculante para a avaliación e prevención do risco eléctrico nos traballos que se realicen nas instalacións eléctricas dos lugares de traballo ou na proximidade deles.

**Disposición derradeira segunda. Facultade de desenvolvemento.**

Autorízase o ministro de Traballo e Asuntos Sociais, logo de informe favorable das ministras de Sanidade e Consumo e de Ciencia e Tecnoloxía e con informe previo da Comisión Nacional de Seguranza e Saúde no Traballo, para dictar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento deste real decreto, así como para as adaptacións de carácter estritamente técnico dos seus anexos, en función do progreso técnico e da evolución das normativas ou especificacións internacionais ou dos coñecementos en materia de protección fronte ó risco eléctrico.

**Disposición derradeira terceira. Entrada en vigor.**

Este real decreto entrará en vigor ós dous meses de súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 8 de xuño de 2001.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,  
JUAN JOSÉ LUCAS GIMÉNEZ

**ANEXO I****Definicións**

Para os efectos do disposto neste real decreto, entenderase como:

1. Risco eléctrico: risco orixinado pola enerxía eléctrica. Quedan especificamente incluídos os riscos de:

a) Choque eléctrico por contacto con elementos en tensión (contacto eléctrico directo), ou con masas postas accidentalmente en tensión (contacto eléctrico indirecto).

b) Queimaduras por choque eléctrico ou por arco eléctrico.

c) Caídas ou golpes como consecuencia de choque ou arco eléctrico.

d) Incendios ou explosións orixinados pola electricidade.

2. Lugar de traballo: calquera lugar ó que o traballador poida acceder, en razón do seu traballo.

3. Instalación eléctrica: o conxunto dos materiais e equipamentos dun lugar de traballo mediante os que se xera, converte, transforma, transporta, distribúe ou utiliza a enerxía eléctrica; inclúense as baterías, os condensadores e calquera outro equipo que almacene enerxía eléctrica.

4. Procedemento de traballo: secuencia das operacións que se desenvolven para realizar un determinado traballo, con inclusión dos medios materiais (de traballo ou de protección) e humanos (cualificación ou formación do persoal) necesarios para o levar a cabo.

5. Alta tensión. Baixa tensión. Tensións de seguranza: as definidas como tales nos regulamentos electrotécnicos.

6. Traballos sen tensión: traballos en instalacións eléctricas que se realizan despois de ter tomado tódalas medidas necesarias para mante-la instalación sen tensión.

7. Zona de perigo ou zona de traballos en tensión: espacio arredor dos elementos en tensión nos cales a presenza dun traballador desprotexido supón un risco grave e inminente de se producir un arco eléctrico ou un contacto directo co elemento en tensión, tendo en conta os xestos ou movementos normais que pode efectua-lo traballador sen se desprazar.

Onde non se interpoña unha barreira física que garanta a protección fronte ó dito risco, a distancia desde o elemento en tensión ata o límite exterior desta zona será a indicada na táboa 1.

8. Traballo en tensión: traballo durante o cal un traballador entra en contacto con elementos en tensión ou entra na zona de perigo, ben sexa cunha parte do seu corpo ben coas ferramentas, equipamentos, dispositivos ou materiais que manipula. Non se consideran como traballos en tensión as manobras e as medicións, ensaios e verificacións definidas a seguir.

9. Manobra: intervención concibida para cambia-lo estado eléctrico dunha instalación eléctrica sen implicar montaxe nin desmontaxe de elemento ningún.

10. Medicións, ensaios e verificacións: actividades concibidas para comproba-lo cumprimento das especificacións ou condicións técnicas e de seguranza precisas para o adecuado funcionamento dunha instalación eléctrica, incluíndose as dirixidas a comproba-lo seu estado eléctrico, mecánico ou térmico, eficacia das proteccións, circuitos de seguranza ou manobra, etc.

11. Zona de proximidade: espacio delimitado arredor da zona de perigo, desde a cal o traballador pode invadir accidentalmente esta última. Onde non se interpoña unha barreira física que garanta a protección fronte ó risco eléctrico, a distancia desde o elemento en tensión ata o límite exterior desta zona será a indicada na táboa 1.

12. Traballo en proximidade: traballo durante o cal o traballador entra, ou pode entrar, na zona de proximidade, sen entrar na zona de perigo, ben sexa cunha parte do seu corpo, ben coas ferramentas, equipamentos, dispositivos ou materiais que manipula.

13. Traballador autorizado: traballador que foi autorizado polo empresario para realizar determinados traballos con risco eléctrico, consonte a súa capacidade para os facer de forma correcta, segundo os procedementos establecidos neste real decreto.

14. Traballador cualificado: traballador autorizado que posúe coñecementos especializados en materia de instalacións eléctricas, debido á súa formación acreditada, profesional ou universitaria, ou á súa experiencia certificada de dous anos ou máis.

15. Xefe de traballo: persoa designada polo empresario para asumir a responsabilidade efectiva dos traballos.



Táboa 1. *Distancias límite das zonas de traballo \**

$U_n$	$D_{PEL-1}$	$D_{PEL-2}$	$D_{PROX-1}$	$D_{PROX-2}$
$\leq 1$	50	50	70	300
3	62	52	112	300
6	62	53	112	300
10	65	55	115	300
15	66	57	116	300
20	72	60	122	300
30	82	66	132	300
45	98	73	148	300
66	120	85	170	300
110	160	100	210	500
132	180	110	330	500
220	260	160	410	500
380	390	250	540	700

$U_n$  = tensión nominal da instalación (kV).

$D_{PEL-1}$  = distancia ata o límite exterior da zona de perigo cando exista risco de sobretensión por raio (cm).

$D_{PEL-2}$  = distancia ata o límite exterior da zona de perigo cando non exista o risco de sobretensión por raio (cm).

$D_{PROX-1}$  = distancia ata o límite exterior da zona de proximidade cando resulte posible delimitar con precisión a zona de traballo e controlar que esta non se excede durante a realización do traballo (cm).

$D_{PROX-2}$  = distancia ata o límite exterior da zona de proximidade cando non resulte posible delimitar con precisión a zona de traballo e controlar que esta non se excede durante a realización do traballo (cm).

\* As distancias para valores de tensión intermedios calcularanse por interpolación lineal.

## ANEXO II

### Traballos sen tensión

#### A. Disposicións xerais

As operacións e manobras para deixar sen tensión unha instalación -antes de iniciala- "traballo sen tensión" e a reposición da tensión -ó finalizalo- realizaranas traballadores autorizados que, no caso de instalacións de alta tensión, deberán ser traballadores cualificados.

##### A.1 Supresión da tensión.

Unha vez identificados a zona e os elementos da instalación onde se vai realiza-lo traballo, e salvo que existan razóns esenciais para facelo doutro xeito, seguirase o proceso que se describe a continuación, que se desenvolve secuencialmente en cinco etapas:

- 1.<sup>a</sup> Desconectar.
- 2.<sup>a</sup> Prever calquera posible realimentación.
- 3.<sup>a</sup> Verifica-la ausencia de tensión.
- 4.<sup>a</sup> Pór a terra e en cortocircuíto.
- 5.<sup>a</sup> Protexer fronte a elementos próximos en tensión, se é o caso, e establecer unha sinalización de seguraza e para delimita-la zona de traballo.

Ata que non se completen as cinco etapas non se poderá autoriza-lo inicio do traballo sen tensión e considerase en tensión a parte da instalación afectada. Sen embargo, para establece-la sinalización de seguraza indicada na quinta etapa, poderá considerarse que a instalación está sen tensión se se completaron as catro etapas anteriores e non poden invadirse zonas de perigo de elementos próximos en tensión.

##### 1. Desconectar.

A parte da instalación en que se vai realiza-lo traballo débese illar de tódalas fontes de alimentación. O illamento estará constituído por unha distancia en aire ou a interposición dun illante suficientes para garantir electricamente o illamento.

Os condensadores ou outros elementos da instalación que manteñan tensión despois da desconexión deberán descargarse mediante dispositivos adecuados.

##### 2. Prever calquera posible realimentación.

Os dispositivos de manobra utilizados para desconectar a instalación débense asegurar contra calquera posible reconexión, preferentemente por bloqueo do mecanismo de manobra, e deberase colocar, cando sexa necesario, unha sinalización para prohibi-la manobra. En ausencia de bloqueo mecánico, adoptaranse medidas de protección equivalentes. Cando se utilicen dispositivos telemandados, deberase impedir manobralos erroneamente desde o telemando.

Cando sexa necesaria unha fonte de enerxía auxiliar para manobrar un dispositivo de corte, esta deberase desactivar ou deberase actuar nos elementos da instalación de forma que a separación entre o dispositivo e a fonte quede asegurada.

##### 3. Verifica-la ausencia de tensión.

A ausencia de tensión deberase verificarse en tódolos elementos activos da instalación eléctrica na zona de traballo ou o máis preto posible dela. No caso de alta tensión, o correcto funcionamento dos dispositivos de verificación de ausencia de tensión deberase comprobar antes e despois da verificación.

Para verifica-la ausencia de tensión en cables ou condutores illados que se poidan confundir con outros existentes na zona de traballo, utilizaranse dispositivos que actúen directamente nos condutores (picacables ou similares), ou empregaranse outros métodos, seguíndose un procedemento que asegure, en calquera caso, a protección do traballador fronte ó risco eléctrico.

Os dispositivos telemandados utilizados para verificar que unha instalación está sen tensión serán de accionamento seguro e a súa posición no telemando deberá estar claramente indicada.

##### 4. Pór a terra e en cortocircuíto.

As partes da instalación onde se vaia traballar deben pórse a terra e en cortocircuíto:

- a) Nas instalacións de alta tensión.
- b) Nas instalacións de baixa tensión que, por indución ou por outras razóns, poidan pórse accidentalmente en tensión.

Os equipamentos ou dispositivos de posta a terra e en cortocircuíto deben conectarse en primeiro lugar á toma de terra e a seguir ós elementos que se van pór a terra, e deben ser visibles desde a zona de traballo. Se isto último non fose posible, as conexións de posta a terra deben colocarse tan preto da zona de traballo como se poida.

Se no curso do traballo os condutores deben cortarse ou conectarse e existe o perigo de que aparezan diferenzas de potencial na instalación, deberanse tomar medidas de protección, tales como efectuar pontes ou postas a terra na zona de traballo, antes de proceder ó corte ou conexión destes condutores.

Os condutores utilizados para efectua-la posta a terra, o cortocircuíto e, se for o caso, a ponte, deberán ser adecuados e te-la sección suficiente para a corrente de cortocircuíto da instalación na que se colocan.

Tomaranse precaucións para asegurar que as postas a terra permanezan correctamente conectadas durante

o tempo no que se realiza o traballo. Cando se teñan que desconectar para realizar medicións ou ensaios, adoptaranse medidas preventivas apropiadas adicionais.

Os dispositivos telemandados utilizados para a posta a terra e en cortocircuíto dunha instalación serán de accionamento seguro e a súa posición no telemando estará claramente indicada.

5. Protexer fronte ós elementos próximos en tensión e establecer unha sinalización de seguranza para delimitar a zona de traballo.

Se hai elementos dunha instalación próximos á zona de traballo que teñan que permanecer en tensión, deberánse adoptar medidas de protección adicionais, que se aplicarán antes de iniciar o traballo, segundo o disposto no número 7 do artigo 4 deste real decreto.

#### A.2 Reposición da tensión.

A reposición da tensión soamente comezará, unha vez finalizado o traballo, despois de se retiraren tódolos traballadores que non resulten indispensables e de se recolleren da zona de traballo as ferramentas e equipamentos utilizados.

O proceso de reposición da tensión comprenderá:

1.º A retirada das proteccións adicionais, se as houber, e da sinalización que indica os límites da zona de traballo.

2.º A retirada da posta a terra, se a houber, e en cortocircuíto.

3.º O desbloqueo e/ou a retirada da sinalización dos dispositivos de corte.

4.º O peche dos circuítos para repo-la tensión.

Desde o momento en que se suprima unha das medidas adoptadas inicialmente para realiza-lo traballo sen tensión en condicións de seguranza, considerarase en tensión a parte da instalación afectada.

### B. Disposicións particulares

As disposicións particulares establecidas a seguir para determinados tipos de traballo consideraranse complementarias das indicadas na parte A deste anexo, salvo nos casos en que as modifiquen explicitamente.

#### B.1 Reposición de fusibles.

No caso particular da reposición de fusibles nas instalacións indicadas no primeiro parágrafo do número 4 da parte A.1 deste anexo:

1.º Non será necesaria a posta a terra e en cortocircuíto cando os dispositivos de desconexión a ámbolos lados do fusible estean á vista do traballador, o corte sexa visible ou o dispositivo proporcione garantías de seguranza equivalentes, e non exista posibilidade de peche intempestivo.

2.º Cando os fusibles estean conectados directamente ó primario dun transformador, será suficiente coa posta a terra e en cortocircuíto do lado de alta tensión, entre os fusibles e o transformador.

B.2 Traballo en liñas aéreas e condutores de alta tensión.

1. Nos traballos en liñas aéreas nús e condutores nus de alta tensión débense colocalas postas a terra e en cortocircuíto a ámbolos lados da zona de traballo, e en cada un dos condutores que entran nesta zona; ó menos un dos equipos ou dispositivos de posta a terra e en cortocircuíto debe ser visible desde a zona de traballo. Estas regras teñan as seguintes excepcións:

1.<sup>a</sup> Para traballos específicos nos que non hai corte de condutores durante o traballo é admisible a insta-

lación dun só equipamento de posta a terra e en cortocircuíto na zona de traballo.

2.<sup>a</sup> Cando non é posible ver, desde os límites da zona de traballo, os equipamentos ou dispositivos de posta a terra e en cortocircuíto, débese colocar, ademais, un equipamento de posta a terra local, ou un dispositivo adicional de sinalización, ou calquera outra identificación equivalente.

Cando o traballo se realiza nun só conductor dunha liña aérea de alta tensión, non se requirirá o cortocircuíto na zona de traballo, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

a) Nos puntos da desconexión, tódolos condutores están postos a terra e en cortocircuíto de acordo co indicado anteriormente.

b) O conductor sobre o cal se realiza o traballo e tódolos elementos condutores —exceptuadas as outras fases— no interior da zona de traballo, están unidos electricamente entre eles e postos a terra por un equipamento ou dispositivo apropiado.

c) O conductor de posta a terra, a zona de traballo e o traballador están fóra da zona de perigo determinada polos restantes condutores da mesma instalación eléctrica.

2. Nos traballos en liñas aéreas illadas, cables ou outros condutores illados de alta tensión, a posta a terra e en cortocircuíto colocárase nos elementos nus dos puntos de apertura da instalación ou tan preto como sexa posible daqueles puntos, a cada lado da zona de traballo.

B.3 Traballo en instalacións con condensadores que permitan unha acumulación perigosa de enerxía.

Para deixar sen tensión unha instalación eléctrica con condensadores que teñan unha capacidade e tensión que permitan unha acumulación perigosa de enerxía eléctrica, seguirase o seguinte proceso:

a) Efectuarase e asegurase a separación das posibles fontes de tensión mediante a súa desconexión, xa sexa con corte visible ou testemuñas de ausencia de tensión fiables.

b) Aplicarase un circuítos de descarga ós bornes dos condensadores, que poderá se-lo circuítos de posta a terra e en cortocircuíto a que se fai referencia no número seguinte cando inclúa un seccionador de terra, e agardarse o tempo necesario para a descarga.

c) Efectuarase a posta a terra e en cortocircuíto dos condensadores. Cando entre estes e o medio de corte existan elementos semicondutores, fusibles ou interruptores automáticos, a operación realizarase sobre os bornes dos condensadores.

B.4 Traballo en transformadores e en máquinas en alta tensión.

1. Para traballar sen tensión nun transformador de potencia ou de tensión, deixarase sen tensión tódolos circuítos do primario e tódolos circuítos do secundario. Se as características dos medios de corte o permiten, efectuarase primeiro a separación dos circuítos de menor tensión. Para a reposición da tensión, procederase á inversa.

Para traballar sen tensión nun transformador de intensidade, ou sobre os circuítos que alimenta, deixarase previamente sen tensión o primario. Prohibese a apertura dos circuítos conectados ó secundario estando o primario en tensión, salvo que sexa necesario por algunha causa; neste caso deberánse cortocircuitar os bornes do secundario.

2. Antes de manipular no interior dun motor eléctrico ou xerador deberase comprobar:

- a) Que a máquina está completamente parada.
- b) Que están desconectadas as alimentación.
- c) Que os bornes están en cortocircuíto e a terra.
- d) Que a protección contra incendios está bloqueada.
- e) Que a atmosfera non é nociva, tóxica ou inflamable.

### ANEXO III

#### Traballos en tensión

##### A. Disposicións xerais

1. Os traballos en tensión deberán ser realizados por traballadores cualificados, seguindo un procedemento previamente estudado e, cando a súa complexidade ou novidade o requiran, ensaiado sen tensión, que se axuste ós requisitos indicados a continuación. Os traballos en lugares onde a comunicación sexa difícil, pola súa orografía, confinamento ou outras circunstancias, deberán realizarse estando presentes, cando menos, dous traballadores con formación en materia de primeiros auxilios.

2. O método de traballo empregado e os equipamentos e materiais utilizados deberán asegurarse a protección do traballador fronte ó risco eléctrico, garantindo, en particular, que o traballador non poida contactar accidentalmente con calquera outro elemento cun potencial distinto do seu.

Entre os equipamentos e materiais citados encóntranse:

- a) Os accesorios illantes (pantallas, cubertas, vaiñas, etc.) para o recubrimento de partes activas ou masas.
- b) Os utensilios illantes ou illados (ferramentas, pinzas, puntas de proba, etc.).
- c) As pértegas illantes.
- d) Os dispositivos illantes ou illados (banquetas, alfombras, plataformas de traballo, etc.).
- e) Os equipamentos de protección individual fronte a riscos eléctricos (luvas, lentes, cascos, etc.).

3. Para efectos do disposto no número anterior, os equipamentos e materiais para a realización de traballos en tensión elixiranse, de entre os concibidos para tal fin, tendo en conta as características do traballo e dos traballadores e, en particular, a tensión de servizo, e utilizaranse, manteranse e revisaranse seguindo as instrucións do seu fabricante.

En calquera caso, os equipamentos e materiais para a realización de traballos en tensión axustaranse á normativa específica que lles sexa de aplicación.

4. Os traballadores deberán dispor dun apoio sólido e estable, que lles permita te-las mans libres, e dunha iluminación que lles permita realiza-lo seu traballo en condicións de visibilidade adecuadas. Os traballadores non levarán obxectos condutores, tales como pulseiras, reloxs, cadeas ou cremalleiras metálicas que poidan contactar accidentalmente con elementos en tensión.

5. A zona de traballo deberá sinalizarse e/ou delimitarse adecuadamente, sempre que exista a posibilidade de que outros traballadores ou persoas alleas penetren nesta zona e accedan a elementos en tensión.

6. As medidas preventivas para a realización de traballos ó aire libre deberán ter en conta as posibles condicións ambientais desfavorables, de forma que o traballador quede protexido en todo momento; os traballos prohibiranse ou suspenderanse en caso de treboada, chuva ou vento fortes, nevaradas, ou calquera outra condición ambiental desfavorable que dificulte a visibilidade ou a manipulación das ferramentas. Os traballos en instalacións interiores directamente conectadas a liñas aéreas eléctricas deberán interromperse en caso de treboada.

##### B. Disposicións adicionais para traballos en alta tensión

1. O traballo efectuarase baixo a dirección e vixilancia dun xefe de traballo, que será o traballador cualificado que asume a responsabilidade directa del; se a amplitude da zona de traballo non lle permitise unha vixilancia adecuada, deberase requirir-la axuda doutro traballador cualificado.

O xefe de traballo comunicarse co responsable da instalación onde se realiza o traballo, co fin de adecuar as condicións da instalación ás esixencias do traballo.

2. Os traballadores cualificados deberán ser autorizados por escrito polo empresario para realizaren o tipo de traballo que vaia desenvolverse, tras comprobala súa capacidade para facelo correctamente, consonte o procedemento establecido, o cal se deberá definir por escrito e incluí-la secuencia das operacións que se realizan, indicando, en cada caso:

- a) As medidas de seguranza que se deben adoptar.
- b) O material e medios de protección que se utilizarán e, se for preciso, as instrucións para o seu uso e para a verificación do seu bo estado.
- c) As circunstancias que puidesen esixir-la interrupción do traballo.

3. A autorización terá que se renovar, tras unha nova comprobación da capacidade do traballador para seguir correctamente o procedemento de traballo establecido, cando este cambie significativamente, ou cando o traballador deixase de realiza-lo tipo de traballo en cuestión durante un período de tempo superior a un ano.

A autorización deberase retirar cando se observe que o traballador incumpre as normas de seguranza ou cando a vixilancia da saúde poña de manifesto que o estado ou a situación transitoria do traballador non se adecuan ás esixencias psicofísicas requiridas polo tipo de traballo que se desenvolve.

##### C. Disposicións particulares

As disposicións particulares establecidas a continuación para determinados tipos de traballo consideraranse complementarias das indicadas nas partes anteriores deste anexo, salvo nos casos en que as modifiquen explicitamente.

###### C.1 Reposición de fusibles.

a) En instalacións de baixa tensión, non será necesario que a reposición de fusibles a efectúe un traballador cualificado, podendo realizala un traballador autorizado, cando a manobra do dispositivo portafusible supoña a desconexión do fusible e o material daquel ofrezca unha protección completa contra os contactos directos e os efectos dun posible arco eléctrico.

b) En instalacións de alta tensión, non será necesario cumpri-lo disposto na parte B deste anexo cando a manobra do dispositivo portafusible se realice a distancia, utilizando pértegas que garantan un adecuado nivel de illamento e se tomen medidas de protección fronte ós efectos dun posible cortocircuíto ou contacto eléctrico directo.

### ANEXO IV

#### Manobras, medicións, ensaios e verificacións

##### A. Disposicións xerais

1. As manobras locais e as medicións, ensaios e verificacións soamente poderán ser realizadas por traballadores autorizados. No caso das medicións, ensaios e verificacións en instalacións de alta tensión, deberán



ser traballadores cualificados, que poden ser auxiliados por traballadores autorizados, baixo a súa supervisión e control.

2. O método de traballo empregado e os equipamentos e materiais de traballo e de protección utilizados deberán protexe-lo traballador fronte ó risco de contacto eléctrico, arco eléctrico, explosión ou proxección de materiais.

Entre os equipamentos e materiais de protección citados encóntranse:

- a) Os accesorios illantes (pantallas, cubertas, vaíñas, etc.) para o recubrimento de partes activas ou masas.
- b) Os utensilios illantes ou illados (ferramentas, pinzas, puntas de proba, etc.).
- c) As pértegas illantes.
- d) Os dispositivos illantes ou illados (banquetas, alfombras, plataformas de traballo, etc.).
- e) Os equipamentos de protección individual (pantallas, luvas, lentes, cascos, etc.).

3. Para efectos do disposto no número anterior, os equipamentos e materiais de traballo ou de protección empregados para a realización destas operacións elixiranse, de entre os concibidos para tal fin, tendo en conta as características do traballo e, en particular, a tensión de servizo, e utilizaranse, manteranse e revisaranse seguindo as instrucións do seu fabricante.

En calquera caso, os equipamentos e materiais para a realización destas operacións axustaranse á normativa específica que lles sexa de aplicación.

4. Os traballadores deberán dispor dun apoio sólido e estable, que lles permita te-las mans libres, e dunha iluminación que lles permita realiza-lo seu traballo en condicións de visibilidade adecuadas.

5. A zona de traballo deberase sinalizar e/ou delimitar adecuadamente, sempre que exista a posibilidade de que outros traballadores ou persoas alleas penetren nesa zona e accedan a elementos en tensión.

6. As medidas preventivas para a realización destas operacións ó aire libre deberán ter en conta as posibles condicións ambientais desfavorables, de forma que o traballador quede protexido en todo momento.

#### B. Disposicións particulares

As disposicións particulares establecidas a continuación para determinados tipos de intervención consideraranse complementarias das indicadas na parte anterior deste anexo, salvo nos casos en que as modifiquen explicitamente.

1. Nas manobras locais con interruptores ou seccionadores:

1.<sup>a</sup> O método de traballo empregado debe prever tanto os defectos razoablemente posibles dos aparellos, como a posibilidade de se efectuaren manobras erróneas (apertura de seccionadores en carga, ou peche de seccionadores en cortocircuíto).

2.<sup>a</sup> Para a protección fronte ó risco de arco eléctrico, explosión ou proxección de materiais, non será obrigatoria a utilización de equipamentos de protección cando o lugar desde onde se realiza a manobra estea totalmente protexido fronte a eses riscos por afastamento ou interposición de obstáculos.

2. Nas medicións, ensaios e verificacións:

1.<sup>a</sup> Nos casos en que sexa necesario retirar algún dispositivo de posta a terra colocado nas operacións

realizadas para deixar sen tensión a instalación, tomaranse as precaucións necesarias para evita-la realimentación intempestiva desta.

2.<sup>a</sup> Cando sexa necesario utilizar unha fonte de tensión exterior, tomaranse precaucións para asegurar que:

a) A instalación non pode ser realimentada por outra fonte de tensión distinta da prevista.

b) Os puntos de corte teñan un illamento suficiente para resistiren a aplicación simultánea da tensión de ensaio por un lado e da tensión de servizo polo outro.

c) Adecuaranse as medidas de prevención tomadas fronte ó risco eléctrico, cortocircuíto ou arco eléctrico ó nivel de tensión utilizado.

## ANEXO V

### Traballos en proximidade

#### A. Disposicións xerais

En todo traballo en proximidade de elementos en tensión, o traballador deberá permanecer fóra da zona de perigo e o máis afastado dela que o traballo permita.

#### A.1 Preparación do traballo.

1. Antes de inicia-lo traballo en proximidade de elementos en tensión, un traballador autorizado, no caso de traballos en baixa tensión, ou un traballador cualificado, no caso de traballos en alta tensión, determinará a viabilidade do traballo, tendo en conta o disposto no parágrafo anterior e as restantes disposicións do presente anexo.

2. De se-lo traballo viable, deberanse adoptar as medidas de seguranza necesarias para reducir ó mínimo posible:

a) O número de elementos en tensión.

b) As zonas de perigo dos elementos que permanezan en tensión, mediante a colocación de pantallas, barreiras, envolventes ou protectores illantes cunhas características (mecánicas e eléctricas) e forma de instalación que garantan a súa eficacia protectora.

3. Se, a pesar das medidas adoptadas, seguen a existir elementos en tensión con zonas de perigo accesibles, deberase:

a) Delimita-la zona de traballo respecto ás zonas de perigo; a delimitación será eficaz respecto a cada zona de perigo e efectuarase co material adecuado.

b) Informa-los traballadores directa ou indirectamente implicados dos riscos existentes, da situación dos elementos en tensión, dos límites da zona de traballo e de cantas precaucións e medidas de seguranza deban adoptar para non invadi-la zona de perigo, comunicándolles, ademais, a necesidade de que eles, pola súa vez, informen sobre calquera circunstancia que mostre a insuficiencia das medidas adoptadas.

4. Sen prexuízo do disposto nos números anteriores, nas empresas en que as actividades habituais impliquen a realización de traballos en proximidade de elementos en tensión, particularmente se teñen lugar fóra do centro de traballo, o empresario deberase asegurar de que os traballadores posúen coñecementos que lles permiten identifica-las instalacións eléctricas, detecta-los posibles riscos e actuar en consecuencia.

## A.2 Realización do traballo.

1. Cando as medidas adoptadas en aplicación do disposto no punto A.1.2 non sexan suficientes para protexe-los traballadores fronte ó risco eléctrico, os traballos serán realizados, unha vez tomadas as medidas de delimitación e información indicadas no punto A.1.3, por traballadores autorizados, ou baixo a vixilancia dun destes.

2. No desempeño da súa función de vixilancia, os traballadores autorizados deberán velar polo cumprimento das medidas de seguranza e controlar, en particular, o movemento dos traballadores e obxectos na zona de traballo, tendo en conta as súas características, os seus posibles desprazamentos accidentais e calquera outra circunstancia que puidese altera-las condicións en que se baseou a planificación do traballo. A vixilancia non será esixible cando os traballos se realicen fóra da zona de proximidade ou en instalacións de baixa tensión.

## B. Disposicións particulares

### B.1 Acceso a recintos de servizo e envolventes de material eléctrico.

1. O acceso a recintos independentes destinados ó servizo eléctrico ou á realización de probas ou ensaios eléctricos (centrais, subestacións, centros de transformación, salas de control ou laboratorios), estará restrinxido ós traballadores autorizados, ou a persoal, baixo a vixilancia continuada destes, que fose previamente informado dos riscos existentes e das precaucións que se deben tomar.

As portas destes recintos deberán sinalizar indicando a prohibición de entrada do persoal non autorizado. Cando no recinto non haxa persoal de servizo, as portas deberán permanecer fechadas de forma que se impida a entrada do persoal non autorizado.

2. A apertura de celas, armarios e demais envolventes de material eléctrico estará restrinxida a traballadores autorizados

3. O acceso ós recintos e a apertura das envolventes por parte dos traballadores autorizados soamente se poderá realizar, no caso de que o empresario para o que estes traballan e o titular da instalación non sexan unha mesma persoa, co coñecemento e permiso deste último.

### B.2 Obras e outras actividades en que se produzan movementos ou desprazamentos de equipamentos ou materiais na proximidade de liñas aéreas, subterráneas ou outras instalacións eléctricas.

Para a prevención do risco eléctrico en actividades en que se producen ou poden producir movementos ou desprazamentos de equipamentos ou materiais na proximidade de liñas aéreas, subterráneas ou doutras instalacións eléctricas (como ocorre a miúdo, por exemplo, na edificación, as obras públicas ou determinados traballos agrícolas ou forestais) deberase actuar da seguinte forma:

1. Antes do comezo da actividade identificaranse as posibles liñas aéreas, subterráneas ou outras instalacións eléctricas existentes na zona de traballo ou nas súas proximidades.

2. Se nalgunha das fases da actividade existe risco de que unha liña subterránea ou algún outro elemento en tensión protexido poida ser alcanzado, con posible rotura do seu illamento, deberanse toma-las medidas preventivas necesarias para evitar tal circunstancia.

3. Se, nalgunha das fases da actividade, a presenza de liñas aéreas ou dalgún outro elemento en tensión

desprotexido, pode supor un risco eléctrico para os traballadores e, polas razóns indicadas no artigo 4.4 deste real decreto, as ditas liñas ou elementos non se puidesen desviar ou deixar sen tensión, aplicarase o disposto na parte A deste anexo.

Para efectos da determinación das zonas de perigo e proximidade, e da conseguinte delimitación da zona de traballo e vías de circulación, deberanse ter especialmente en conta:

a) Os elementos en tensión sen protexer que se encontren máis próximos en cada caso ou circunstancia.

b) Os movementos ou desprazamentos previsibles (transporte, elevación e calquera outro tipo de movemento) de equipamentos ou materiais.

## ANEXO VI

### Traballos en lugares con risco de incendio ou explosión. Electricidade estática

A instalación eléctrica e os equipamentos deberán ser conformes coas prescricións particulares para as instalacións de locais con risco de incendio ou explosión indicadas na regulamentación electrotécnica.

#### A. Traballos en lugares con risco de incendio ou explosión.

1. Os traballos en instalacións eléctricas en lugares con risco de incendio ou explosión realizaranse seguindo un procedemento que reduza ó mínimo estes riscos; para isto limitarase e controlarase, no posible, a presenza de substancias inflamables na zona de traballo e evitarase a aparición de focos de ignición, en particular, en caso de que exista, ou poida formarse, unha atmosfera explosiva. En tal caso queda prohibida a realización de traballos ou operacións (cambio de lámpadas, fusibles, etc.) en tensión, salvo se se efectúan en instalacións e con equipamentos concibidos para operar nesas condicións, que cumpran a normativa específica aplicable.

2. Antes de realiza-lo traballo, verificarase a dispoñibilidade, adecuación ó tipo de lume previsible e bo estado dos medios e equipamentos de extinción. Se se produce un incendio, desconectaranse as partes da instalación que poidan verse afectadas, salvo que sexa necesario deixalas en tensión para actuar contra o incendio, ou que a desconexión implique perigos potencialmente máis graves que os que poden derivarse do propio incendio.

3. Os traballos levaranos a cabo traballadores autorizados; cando deban realizarse nunha atmosfera explosiva, realizaranos traballadores cualificados e deberán seguir un procedemento previamente estudado.

#### B. Electricidade estática.

1. En todo lugar ou proceso onde se poida producir unha acumulación de cargas electrostáticas deberanse toma-las medidas preventivas necesarias para evita-las descargas perigosas e, particularmente, a produción de faíscas en lugares con risco de incendio ou explosión. Para tal efecto, deberán ser obxecto dunha especial atención:

a) Os procesos onde se produza unha fricción continuada de materiais illantes ou illados.

b) Os procesos onde se produza unha vaporización ou pulverización e o almacenamento, transporte ou transvasamento de líquidos ou materiais en forma de po, en particular, cando se trate de substancias inflamables.

2. Para evita-la acumulación de cargas electrostáticas deberase tomar algunha das seguintes medidas



ou combinación delas, segundo as posibilidades e circunstancias específicas de cada caso:

- a) Eliminación ou redución dos procesos de fricción.
- b) Evitar, no posible, os procesos que produzan pulverización, aspersión ou caída libre.
- c) Utilización de materiais antiestáticos (poleas, moquetas, calzado, etc.) ou aumento da súa condutividade (por incremento da humidade relativa, uso de aditivos ou calquera outro medio).
- d) Conexión a terra, e entre si cando sexa necesario, dos materiais susceptibles de adquirir carga, en especial, dos conductores ou elementos metálicos illados.
- e) Utilización de dispositivos específicos para a eliminación de cargas electrostáticas. Neste caso a instalación non deberá expo-los traballadores a radiacións perigosas.
- f) Calquera outra medida para un proceso concreto que garanta que non se acumulen cargas electrostáticas.

**11960** *CORRECCIÓN de erratas do Real decreto 374/2001, do 6 de abril, sobre a protección da saúde e seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados cos axentes químicos durante o traballo.* («BOE» 149, do 22-6-2001.)

Advertida errata no texto do Real decreto 374/2001, do 6 de abril, sobre a protección da saúde e seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados cos axentes químicos durante o traballo, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 9 en lingua galega, do 1 de xuño de 2001, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 486, segunda columna, no número 7 do artigo 6, onde di:

«Nos casos nos que a vixilancia da saúde mostre que:

- a) Un traballador padece unha enfermidade identificable ou uns efectos nocivos que, en opinión do médico responsable, son consecuencia dunha exposición a un axente químico perigoso, ou
- b) Se supera un valor límite biolóxico dos indicados no anexo II.

O médico responsable ou outro persoal sanitario competente informará persoalmente o traballador do resultado da devandita vixilancia. Esta información incluírá, cando proceda, os consellos relativos á vixilancia da saúde á que o traballador deberá someterse ó remata-la exposición, tendo en conta, a este respecto, o disposto na alínea e) do número 3 do artigo 37 do Regulamento dos servizos de prevención.»

Debe dicir:

«Nos casos nos que a vixilancia da saúde mostre que:

- a) un traballador padece unha enfermidade identificable ou uns efectos nocivos que, en opinión do médico responsable, son consecuencia dunha exposición a un axente químico perigoso, ou
- b) se supera un valor límite biolóxico dos indicados no anexo II,

o médico responsable ou outro persoal sanitario competente informará persoalmente o traballador do resultado da devandita vixilancia. Esta información incluírá, cando proceda, os consellos relativos á vixilancia da saúde á que o traballador deberá someterse ó finaliza-la exposición, tendo en conta, a este respecto, o disposto na alínea e) do número 3 do artigo 37 do Regulamento dos servizos de prevención.»

## XEFATURA DO ESTADO

**12067** *REAL DECRETO LEI 11/2001, do 22 de xuño, polo que se modifica o artigo 29 da Lei 25/1988, do 29 de xullo, de estradas, e se establecen normas orzamentarias para atende-los gastos derivados de actuacións do Ministerio de Fomento en estradas estatais.* («BOE» 150, do 23-6-2001.)

Este real decreto lei ten por obxecto, por un lado, modifica-la regulación das potestades dos órganos do Ministerio de Fomento respecto ás estradas estatais, nos casos en que esixencias ou de seguridade vial ou de carácter técnico requiran unha intervención administrativa para regula-la súa utilización. En particular, regúlanse de forma específica medidas que se pretenden adoptar cando das anteriores circunstancias se derive a necesidade de desvia-lo tráfico por unha autoestrada explotada en réxime de concesión.

A realización de obras en determinados tramos de estradas, unida ás esixencias técnicas e, sobre todo, de seguridade vial no conxunto da rede viaria, motivan a necesidade de adoptar medidas temporais nalgúns tramos de autoestradas de peaxe de titularidade estatal, consistentes no desvío de tráfico, total ou parcialmente, pola autoestrada. Isto faise especialmente necesario para aquelas travesías nas que a existencia dun elevado número de accidentes mortais esixe, con carácter inmediato, a adopción de medidas como as aquí previstas, que poden contribuír eficazmente á loita contra a sinistralidade nas nosas estradas.

En definitiva, o que agora se vén regular de maneira específica é o recurso ás autoestradas ou a tramos destas como variantes provisionais de estradas, especialmente por razóns de seguridade vial. Isto resulta xustificable só cando o demostran as razóns de interese público mencionadas, derivadas da necesidade de acadalo maior grao posible de seguridade vial con motivos de economía de medios que aconsellan recorrer ó uso de instrumentos xa dispoñibles, sempre co carácter de provisionalidade determinado pola duración temporal das circunstancias expostas. En consecuencia, estes supostos non encaixan no procedemento ordinario de modificación contractual ius variandi previsto no artigo 24 da Lei 8/1972, do 10 de maio, de construción, conservación e explotación de autoestradas en réxime de concesión, tanto polo carácter excepcional da medida como polas razóns de urxencia a que normalmente responde.

Isto comporta loxicamente a indemnización ó concesionario polos danos causados, o que se traduce nun financiamento, con cargo ós orzamentos públicos, de peaxes por categorías específicas de vehículos. Por todo iso, e como complemento da modificación legal exposta, por este real decreto lei déctanse as normas para efectuar as modificacións orzamentarias necesarias para atende-las indemnizacións correspondentes ás actuacións que, con este motivo, se van realizar no presente exercicio orzamentario, así como as derivadas de resolucións adoptadas polas mesmas razóns pola Delegación do Goberno en Autoestradas Nacionais de Peaxe con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto lei.

Por outra parte, a extraordinaria e urxente necesidade do presente real decreto lei deriva de diversas circunstancias. Primeiro, pola inaprazable necesidade de abordar con carácter específico un suposto de feito como o mencionado, tendo en conta as numerosas incidencias que se producen na rede viaria, especialmente de cara á próxima campaña estival. Segundo, pola crecente importancia da seguridade vial para o interese público,